



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE LUGO PARA DOTAR DE EQUIPAMENTO ESCÉNICO Ó AUDITORIO DE LUGO.

1.- Competencia

Esta consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en virtude do establecido no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería, ten atribuída a competencia para a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

2.- Antecedentes

A colaboración entre este departamento e o concello de Lugo, enmárcase na continuada colaboración entre a Consellería e as entidades locais da Comunidade Autónoma para a execución de obras e outras actuacións en materia de urbanismo (**Plan *hURBE* 2014-2017**). Para elo, nos orzamentos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para o ano 2017 figura consignación orzamentaria adecuada para acometer a actuación obxecto do acordo.

3.-Finalidade

A actuación, consistente en obras de equipamento e mellora de espazos públicos, constitúen pola súa finalidade, unha actuación necesario para a cidade de Lugo e a súa zona de influencia, concorrendo os obxectivos de ámbalas dúas administracións asinantes. A realización das obras de *“dotación de equipamento escénico ao Auditorio de Lugo”* e a súa posta a disposición do uso público, dan cobertura ás necesidades da cidadanía, estando integradas no marco de actuación da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través do seu orzamento de gastos, competencia que está contemplada no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería *“A realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial”*.

En consecuencia, constatadas as necesidades, o seu interese público, os beneficios que se derivan para os habitantes de Lugo e a poboación da provincia en xeral; e tendo en conta o carácter singular da presente actuación, por parte da Administración autonómica considéranse que existen razóns de interese público baseadas no





anteriormente exposto, que xustifican a instrumentación da colaboración técnica e financeira entre ambas administracións, que ten por obxecto o presente convenio. Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de Lugo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o trinta e un de decembro de 2020.

4.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de Lugo, que permitan acometer as obras, e incorporar ao patrimonio público municipal o “**equipamento escénico do Auditorio de Lugo**”.

5.- Fundamentos do instrumento convencional

O Concello de Lugo trata de promover unha actuación consistente na “**dotación de equipamento escénico ao Auditorio de Lugo**”.

Por parte do concello de Lugo ponse de manifesto o interese en que a infraestrutura do Centro Cultura-Auditorio sexa complementada coas instalacións de equipamento escénico para dispoñer dunha instalación acorde co requirimento dos cidadáns

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2017. María Encarnación Rivas Díaz, Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

